

Os socialistas de Bóveda responsabilizan á concelleira do PP e mestra no colexio público “do malestar creado na comunidade educativa” e pídenlle que “dea explicacións” da situación creada

Por este motivo, promoverán no Pleno dunha Declaración Institucional que defenda e garanta a calidade deste servizo público fundamental

Solicitan ao rexedor “un acto de responsabilidade”, pois o único que está a conseguir a edil mencionada, subraian, “e provocar un caos educativo no centro”

Preocúpalles “o trasvase de alumnado que se está producindo” e atribúeno a “unha manobra que non resposta ás necesidades de escolarización, senón ao modelo educativo do PP, que non é outro que favorecer a ensinanza privada”

Tanto ao alcalde como á edil mencionada pídenlle “que teñan altura de miras e freen o que pode ser un preludio do desmantelamento do noso colexio, pois se se van os nenos, o pobo languidece”

BÓVEDA, 10 DE XANEIRO DE 2015.- Os socialistas de Bóveda responsabilizan á concelleira do Partido Popular e mestra no colexio público “do malestar creado na comunidade educativa”. Por este motivo, o Grupo do PSOE pídelo á dita edil que “dea explicacións” da situación creada e anuncia que promoverán no Pleno dunha Declaración Institucional que defenda e garanta a calidade deste servizo público fundamental.

“A concelleira é responsable deste feito sen precedentes. Teñen que dar explicación e o alcalde tampouco pode seguir agochado, pois a competencia de garantir o funcionamento e o mantemento do noso centro, é obriga del”. Deste xeito, solicitan ao rexedor “un acto de responsabilidade”. E é que o único que está a conseguir a edil mencionada, subraian, “é provocar un caos educativo no centro, cando este é un servizo básico para todas familias de Bóveda que contan con nenos en idade de escolarización”.

Neste senso, inciden en que “a educación pública é un dereito fundamental e defendela onde queira que sexa debe ser un imperativo democrático”. Por iso, engaden: “a escola pública é a escola de todos. Así de sinxelo. De aí que sexa fundamental que as administracións e as entidades locais se comprometan de maneira decidida e lle presten a máxima atención”.

“Trasvase de alumnado”

A este respecto, recoñecen que lles preocupa “o trasvase de alumnado que se está producindo e que vimos de coñecer hai uns días polos medios de comunicación, xa que isto repercutirá nun descenso da calidade da ensinanza”. E é que tal e como subliñan, “para os socialistas a Educación foi, é e será un factor determinante para construír un futuro mellor, de tal forma que a consideramos como o factor que mellor asegura a igualdade de oportunidades e a mellor política económica e social. Por esta razón non revelemos contra situacións como a que está a acontecer no noso concello”, destacan.

“Aminoración do centro e aumento do despoboamento”

Tendo en conta isto, aseguran non entender como o rexedor non adoptou aínda ningunha decisión ao respecto, o que evidencia, afirman, que se trata “dunha manobra que non resposta ás necesidades de escolarización, senón ao modelo educativo do PP, que non é outro que favorecer a ensinanza privada”.

“Isto é un ataque directo á escola pública, que provocará un aminoración do centro e, por tanto, incidirá noutro dos problemas cos que conta o noso concello, como é o despoboamento. A escola rural axuda a fixar poboación, e se se van os nenos, o pobo languidece”. Por este motivo, esixen tanto ao alcalde como á edil mencionada “que teñan altura de miras e freen o que pode ser un preludio do desmantelamento do noso colexio”.